



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Aplicación práctica da Lei de contratos. A integridade institucional e prevención da corrupción

CONVOCATORIA: Convocatoria actividades en materia de economía pública (IEP) - Novembro

GRUPO: Economía Pública (Formación Continua)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	40
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 03/11/2022 - 09:00h ao 08/11/2022 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O curso que se presenta, pretende, en primeiro termo, incidir nos aspectos prácticos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, facendo fincapé nas novidades máis significativas da LCSP nas distintas fases dun procedemento de licitación. O obxectivo do curso é dar a coñecer aos órganos xestores os problemas que se poden derivar na contratación pública, tanto no momento inicial de elaboración dos pregos de cláusulas administrativas.

Asemade, pretende focalizar a atención no papel primordial que outorga a LCSP na loita contra a corrupción e ao obxectivo da integridade nos procedementos de contratación pública, como o pon de manifesto o propio lexislador ao incluír por primeira vez de maneira expresa o principio de integridade no articulado e entender como un dos seus obxectivos principais o de lograr unha maior transparencia e integridade nas actuacións.

A actual normativa esixe unha transformación da contorna de compra pública que pasa necesariamente pola adopción dun rol activo na materia por parte das entidades adxudicadoras e as persoas participantes no proceso de contratación e aprender como xestionar os riscos das distintas fases dun procedemento de licitación ata á finalización mesma do contrato.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, dos subgrupos A1 e A2 do persoal funcionario e grupos I e II do persoal laboral, da Xunta de Galicia, de entidades locais ou universidades do sistema universitario de Galicia, preferentemente relacionados coa contratación pública.

Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade; o persoal das escalas dos corpos da Policía de Galicia, Policía local e bombeiros e o persoal do Servizo Galego de Saúde. Non se entende por tal o persoal empregado público da escala de saúde pública e Administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

Módulo I. Claves mais significativas da contratación pública. Referencia ás novidades máis significativas da LCSP (5h).
Módulo II. Confección dos pregos de cláusulas administrativas. Cautelas que haberá que ter en conta sobre elementos estruturais na elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares (7h).
Módulo III. Cláusulas dos pregos de cláusulas administrativas particulares sobre selección del contratista. Os Criterios de adxudicación na LCSP. Identificación das principais patoloxías detectadas na fase de preparación e selección (7h)
Módulo IV. A fase de adxudicación do contrato. Principais problemas que se presentan nas mesas de contratación ata a adxudicación do contrato. Doutrina contractual dos tribunais de recursos contractuais e das xuntas consultivas (7h).
Módulo V. Integridade, bo goberno e técnicas de compliance na xestión de riscos na contratación pública. O papel do Consello de Contas de Galicia na prevención da corrupción. Os Plans de medidas antifraude (7h).
Módulo VI. O programa de integridade no sector público autonómico. Compromisos e obxectivos (7h)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Preferencia: Subgrupos A1 e A2 da Xunta de Galicia, de entidades locais ou universidades, relacionados coa contratación pública
A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 21/11/2022 a 15/12/2022

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 19/12/2022 ás 17:00h

DOCENTES NOMEADOS

MANUEL CUTRÍN DOMÍNGUEZ

Maria Isabel Garcia Garrido

Guillermo Tato González

Patricia Brión Cabanelas

PATRICIA IGLESIAS REY